



Resolución de 2 de agosto de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería

Por Resolución do 10 de xuño de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos convocouse o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

Logo de realizada a valoración inicial pola comisión de selección, ao abeiro do artigo 6 da citada resolución, o 26 de xullo de 2021 publicouse no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal> a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas xunto coa adxudicación das prazas e o baremo provisional dos méritos.

Unha vez consideradas as renuncias e valoradas as reclamacións á resolución provisional e, de conformidade co artigo 7 da dita Resolución do 10 de xuño de 2021, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar no anexo desta resolución o baremo definitivo das persoas participantes e a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso de méritos específico convocado pola referida resolución.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 8 da dita resolución, as persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2021 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

Terceiro. As prazas adxudicaranse en réxime de comisión de servizos e con reserva do posto de traballo de orixe, por un período que como máximo abranguerá por un período que, incluída a comisión de servizos inicial e as eventuais prórrogas, non poderá superar os 6 anos de duración, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios.

Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e





Universidade, no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal> de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

